



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Alcaldía

Adxudicación mediante concurso de seis licenzas de transporte en automóbiles lixeiros

ANUNCIO

O Concello de Narón, por Resolución de Alcaldía do 27/08/2025, aprobou o expediente e Prego de Cláusulas Administrativas particulares que ha de rexer o concurso público, mediante procedemento aberto, para a adxudicación de seis licenzas de taxi, das cales tres deberán estar adaptadas ao transporte de persoas con mobilidade reducida, de conformidade co disposto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o seu Regulamento aprobado polo Decreto 103/2018, de 13 de setembro, e a Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi (BOP nº 113, de 17 de xuño de 2015).

O prego de cláusulas administrativas e demais documentación atópase dispoñible no Perfil do Contratante do Concello de Narón, accesible dende a Plataforma de Contratación do Sector Público.

A presente licitación ten carácter electrónico. Os solicitantes deberán preparar e presentar as súas solicitudes obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=8jE6vOGG85p9Zh%2FyRJgM8w%3D%3D no prazo de 30 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil do Contratante.

Narón, 1 de setembro de 2025

A Alcaldesa

Marian Ferreiro Díaz

2025/5712